Xerente territorial en Vigo do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, do Ministerio de Economía e Facenda, entre outubro de 1987 ata decembro de 1993. Secretario xeral do Concello de Redondela, de decembro de 1993 ata xuño de 1995; e secretario xeral do Concello de Cangas desde xuño de 1995 ata marzo de 2002. Desde o ano 2002 e ata a actualidade foi o secretario xeral do Concello de Vigo

DIRECTOR XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS

Ángel Bernardo Tahoces

É licenciado en Dereito no 1983 pola Universidade de Oviedo. Desde 2005 a 2009, exerceu como parlamentario autonómico e na última lexislatura foi portavoz de Industria, Comercio e Innovación e portavoz do Consello de Contas.

Entre 1991 e 2005, no Corpo Superior da Xunta de Galicia, foi subdirector xeral de Relacións Laborais, na Consellería de Sanidade; subdirector xeral de Formación Profesional na Consellería de Traballo e Servizos Sociais; subdirector xeral de Coordinación Administrativa e Control Orzamentario, na consellería de Industria e Comercio; secretario xeral da Consellería de Agricultura, Gandería e Pesca e subdirector xeral de Coordinación Administrativa e Control Orzamentario e vicesecretario xeral da Consellería de Industria e Comercio.

Entre 1983 e 1991, como Técnico Superior da Administración Xeral do Estado, exerceu de Técnico do Instituto Nacional da Saúde (INSALUD) na área xurídica no

hospital Camino de Santiago de Ponferrada. Tamén foi Xefe da sección de Invalidez na dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) de Lugo e xefe da Unidade de Recadación Executiva da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de Ponferrada.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

SECRETARIO XERAL

José Luis Vázquez Fernández

Naceu o 29 de novembro de 1953 en Ourense, casado, con tres fillos de 28, 23 e 19 anos e con domicilio en Ourense. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela desde o mes de xuño de 1976.

Diploma de directivo da Xunta de Galicia

Profesor Interino de Escolas de Mestría Industrial da disciplina de Tecnoloxía Administrativa desde o 1 de outubro de 1976 ata o 28 de febreiro de 1979, con destino no Instituto Politécnico de Formación Profesional de Ourense e no Instituto de Formación Profesional de Celanova.

Profesor Numerario de Escolas de Mestría Industrial da disciplina de Tecnoloxía Administrativa desde o 1 de marzo de 1979 con destino no Instituto de Formación Profesional de Celanova e no Instituto Politécnico de Formación Profesional de Ourense.

Inspector Técnico de Educación desde o 8 de xuño de 1988 ata a data, con destino na Delegación Provincial da Consellería de Educación e O.U. de Ourense.

Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Ourense, nomeado polo Decreto 464/199, do 19 de decembro, (DOG do 22 de decembro), ata o día 24 de xaneiro de 2002 en que cesou en virtude do Decreto 4/2202, do 24 de xaneiro.

Catedrático de ensino secundario na disciplina de Tecnoloxía Administrativa desde o 1 de outubro de 1992.

Profesor asociado da Universidade de Vigo na área de Organización de Empresas dende o 25 de outubro de 1996 ata o 18 de febreiro de 1998

Vicedirector do Instituto de Formación Profesional de Celanova desde o 1 de marzo de 1979 ata o 30 de setembro de 1979.

Secretario do Instituto Politécnico de Formación Profesional de Ourense desde o 1 de outubro de 1979 ata o 7 de xullo de 1988.

Foi membro da Asemblea Xeral da Caixa de Aforros Provincial de Ourense, en representación da entidade fundadora, durante o período comprendido entre o 19 de xuño de 1992 e o 23 de decembro de 1997. Así mesmo, formou parte da Comisión de Control, en calidade de Comisionado, dende o 14 de setembro de 1995 ata o 22 de xullo de 1997.

DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA

José Luis Mira Lema

Naceu o 15 de agosto de 1954 en Cabana de Bergantiños, A Coruña. Casado e con dous fillos

Licenciado en Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago de Compostela (1972-1977).

Pertence ao Corpo de Inspectores de Educación.

Coordinador de Formación Profesional e da Reforma de Ensinanzas Medias en Galicia (1985-1988).

Director Xeral de Ensinanzas Profesionais e Formación de Adultos na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, desde xuño de 1996.

Director Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ata xuño de 2000, cando se incorpora ao Ministerio de Educación, Cultura e Deportes de Goberno de España.

Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes do Goberno de España, desde xuño de 2000 ata abril de 2004.

Participou na planificación e implantación da oferta de ensinanzas de Bacharelatos e Ciclos Formativos de FP en Galicia, a coñecida como "Rede de Centros", impulsou a implantación dos Ciclos Formativos da Formación Profesional. Participou no deseño e implantación do Plan de Orientación Educativa e Profesional en Galicia, do Plan de Formación do Profesorado, dun Plan de Atención á Diversidade, do Plan de Formación de persoas adultas. No "Plan de formación a lo largo de la vida", da promoción e desenvolvemento de Programas Europeos, e no deseño do Plan de Potenciación de Idiomas.

No Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2000-2004) participou no deseño e coordinación do debate sobre o Memorándum da Aprendizaxe Permanente, en España, e da elaboración do Informe Nacional, resultado do debate, que se presentou diante da Comisión Europea. Na elaboración da Lei orgánica das Cualificacións e da Formación Profesional. Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, e dos Reais Decreto de desenvolvemento desta.

Participou activamente no proceso de Brujas de mellora da transparencia e o recoñecemento das cualificacións a través dunha maior cooperación en materia de Formación Profesional.

Participou no proceso de Copenhague de reforzo da cooperación en materia de ensino e formación profesional en Europa; na elaboración do Programa de Traballo dos Futuros Obxetivos dos Sistemas Educativos Europeos, promovido pola Unión Europea.

Coordinou en España os Grupos de Traballo creados para o desenvolvemento do Programa de Traballo dos Futuros Obxetivos dos Sistemas Educativos Europeos e; promoveu e coordinou a participación de España nos Programas Europeos Sócrates e Leonardo da Vinci.

Participou en Acciones de Cooperación de España con varios países iberoamericanos en materia de alfabetización, educación especial e formación técnico profesional. Coordinou o Informe da OCDE sobre la educación de adultos en España.

DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

José Manuel Pinal Rodríguez

Graduado Social. Titulado Superior en Relacións Industriais. Master de Experto Internacional en Relacións Industriais.

Entre 1979 e 1989, funcionario da Administración Xeral do Estado, realizando tarefas de persoal e xestión económica. A partir desa última data, funcionario do corpo de profesores de Ensino Secundario na especialidade de Organización e Xestión Comercial. Desde hai 14 años compatibiliza co ensino universitario e forma parte do Departamento de Organización de Empresase Marketing impartindo docencia na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo das materias de Economía de Empresa e Administración de Empresas.

Director, durante os últimos oito anos, do Instituto Luis Seoane en Pontevedra no que se imparte o ensino propio da Educación Secundaria Ciclos Formativos pertencentes á Rama Administrativa e á Rama Comercial. Este centro caracterízase pola súa inquietude en todo tipo de iniciativas e proxectos educativos europeos e internacionais, como se reflicte na súa participación en diferentes programas.

Así, no ensino secundario e desde o ano 1997, e a través da Rede de Escolas Asociadas da Unesco, se teñen desenvolvido proxectos educativos en diversos países como Alemaña, Cuba, Polonia, Portugal o Guatemala. Participou, así mesmo, en eventos internacionais como O Parlamento de Nenos e Nenas celebrado na Asamblea Nacional Francesa; no Encontro de Soñadores do Milenio, celebrado en Orlando; dous anos consecutivos no Encontro de nenos por un mundo mellor celebrado en París e nos Encontros de mozos científicos celebrados en Santarém (Portugal), así como poñentes do Diálogo Global en la EXPO de Hannover.

Recibiu, nos últimos anos, sete premios de innovación educativa da Consellería de Educación e este último ano, o centro foi distinguido, por parte do Ministerio de Educación, do segundo premio nacional Marta Mata á calidade educativa.

No que respecta ao ensino profesional, ten desenvolvido proxectos do programa Leonardo da Vinci na modalidade de mobilidade- estancias e intercambio, desde a primeira convocatoria no ano 1995 ata a actualidade.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARIO XERAL

Roberto Pérez López

Naceu no ano 1953. É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Funcionario do corpo técnico, escala xeral, do extinguido Instituto Nacional de Previsión.

Ano 1983. Subdirector provincial de servizos xerais da Dirección Provincial do Instituto Nacional da Saúde.

Ano 1984. Administrador do Servizo Especial de Urgencia do INSALUD

Ano 1987. Funcionario do corpo de letrados da Administración da Seguridade Social

Ano 1988. Letrado xefe da Asesoría Xurídica provincial do Instituto Nacional da Saude

Ano 1991. Letrado xefe da Asesoría Xurídica provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Ano 1993. Xefe do servizo de defensa xurisdiccional do Servizo Galego de Saúde

Ano 1993. Funcionario da Escala de Letrados da Xunta de Galicia

Ano 1993. Letrado xefe da Asesoría Xurídica do Sergas

Ano 1996. Vicesecretario xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais

Ano 1997. Director Xeral de Recursos Humanos do INSALUD.

Ano 2001. Letrado do Instituto Nacional da Seguridade Social.

DIRECTORA XERAL DE SAÚDE PÚBLICA E PLANIFICACIÓN

Sagrario Pérez Castellanos

Naceu no ano 1962. Licenciada en veterinaria pola Universidade Complutense de Madrid e diplomada en Dirección pola Xunta de Galicia.

Ano 1985. Veterinaria clínica en empresas agrogandeiras e clínicas veterinarias.

Ano 1990. Dirección Xeral de Saúde Pública

Ano 1994. Funcionaria veterinaria da Xunta

Ano 1994. Xefa de servizo na Dirección Xeral de Saúde Pública

Ano 1997. Subdirectora Xeral de Programas de Saúde Pública

Ano 2002. Xefa do gabinete do conselleiro de Sanidade da Comunidade de Madrid

Ano 2003. Subdirectora na Axencia Española de Seguridade Alimentaria, do Ministerio de Sanidade e Consumo

Ano 2003. Conselleira de Sanidade na representación permanente de España ante a UE

Ano 2004. Xefa do Gabinete do conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia

Ano 2005. Conselleira para Asuntos Autonómicos na representación permanente de España ante a Unión Europea, en calidade de funcionaria do Ministerio de Administracións Públicas.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

SECRETARIO XERAL

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Naceu en 1963, está casado e ten dous fillos. É licenciado en Dereito pola Universidade de Oviedo e cursou o máster de Economía da Saúde da Escola Nacional de Sanidade, en colaboración coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade Autónoma de Madrid, e acreditado pola "School of Higiene and Public Health" de la Johns Hopkins University, en 1995

Posúe o diploma de directivo da Escola Galega de Administración Pública.

É funcionario do Corpo Superior de Intervención e Contabilidade da Administración da Seguridade Social

De maio de 1990 a marzo 1991, foi xefe de sección de Intervención na Dirección Provincial do INSALUD na Coruña.

Entre marzo de 1991 e febreiro de 1996, foi subdirector xeral de Orzamentos e Xestión Económica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

De febreiro a maio de 1996, exerceu como subdirector xeral de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde

Así mesmo, foi director xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde entre maio de 1996 e decembro de 1997; e director xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde (entre decembro de 1997 e setembro de 2004)

Desde setembro de 2004 e ata a actualidade, exerceu de subdirector xeral de Orzamentos e Xestión Económica do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

SECRETARIA XERAL

Cristina Ortiz Dorda

Licenciada en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid, en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago. Cursos de Doutoramento en Dereito realizados na Universidade de Santiago de Compostela. Conta coa oposición ao Corpo Superior de Letrados da Administración da Seguridade Social e está integrada na escala de letrados da Xunta de Galicia, desde a súa creación no ano 1992.

Foi letrada da Asesoría Xurídica Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social de Barcelona, xefa da Asesoría Xurídica Provincial do Insalud de Las Palmas, letrada da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta, letrada xefe da Asesoría Xurídica do Sergas, vicesecretaria xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, letrada na Asesoría Xurídica Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social da Coruña e letrada xefe no Servizo Xurídico Delegado Provincial neste mesmo organismo.

Ten intervindo en máis de 1.000 procedementos xudiciais en todas as ordes xurisdicionais e intervindo en calidade de letrada en máis dun centenar de mesas de contratación administrativa. Tamén ten participado como secretaria en tribunais de oposicións, como membro do Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia e membro da Comisión para o Consentimento Informado (Sergas). Así como coordinadora de distintos seminarios no eido da Seguridade Social.

SECRETARIA XERAL DE BIENESTAR

Susana López Abella

Naceu o 14 de maio de 1967 en Taboada (Lugo), está casada e ten dous fillos. Realizou estudos de Ciencias Empresariais na Facultade de Empresariais de Vigo e está colexiada no Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. Foi administradora da empresa familiar entre os anos 1987 e 1990, e traballou como locutora de Radio Faro Chantada entre 1990 e 1999.

Susana López Abella é vicesecretaria executiva e voceira de Benestar Social do PP de Galicia, ademais de membro do Comité Executivo Provincial do PP de Lugo e presidenta do PP de Chantada.

Foi concelleira de Cultura e Relacións Institucionais e Tenente Alcalde no Concello de Chantada entre os anos 1999 e 2003, e deputada no Parlamento de Galicia desde a VI Lexislatura.

Nesa lexislatura, foi voceira adxunta 3ª do Grupo Popular, presidenta da Comisión da Mocidade, voceira na Comisión de Igualdade e Dereitos da Muller, voceira de emprego na Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e secretaria na Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos.

Na VII Lexislatura foi voceira de Traballo, Muller e Igualdade do Grupo Popular, vogal nas comisións Institucional, Sanidade, Política Social e Emprego e de Relacións co Consello de Contas.

DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Odilo Martiñá Rodríguez

Naceu o 30 de xullo de 1965 e reside en Santiago de Compostela. Licenciouse en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela e posteriormente realizou os cursos de doutoramento. Posúe o título de técnico superior en Prevención de Riscos Laborais, realizou un curso superior nesta materia. Ademais, foi relator en diversas xornadas sobre seguridade e saúde laboral, servizos públicos de emprego e intermediación laboral e formación ocupacional.

É funcionario do corpo superior da Xunta de Galicia, onde entre 1983 e 1986 ocupou o cargo de xefe de servizo de formación ocupacional. A partir de entón foi subdirector xeral de Colocación ata o ano 2002, data en que foi nomeado director xeral de Formación e Colocación. Desde o ano 2005 viña ocupando o cargo de xefe de servizo de seguridade e saúde laboral.

Representa a Comunidade Autónoma galega no grupo de traballo sobre os Sistemas de Información dos Servizos de Emprego, e ten publicado diversos artigos na revista *Euro* do Centro de Documentación Europea.

DIRECTOR XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO

Andrés Hermida Trastoy

Naceu en Oourol, Lugo, o 17 de xuño de 1963. Casado, con dúas fillas.

Licenciado en Veterinaria, especialidade Medicina e Sanidade, (Universidade Complutense de Madrid), 1982-1986 Funcionario do Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia, Especialidade Veterinarios. Diploma de Directivo, concedido pola Escola Galega de Administración Pública - EGAP (1996). Máster en Dereito Marítimo, Instituto Europeo de Estudos Marítimos - IEEM (1997)

Membro de Honra do Ilustrísimo Colexio Oficial de Veterinarios da Provincia de Lugo. Académico Numerario- Fundador da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia.

Na actualidade, é xefe da Sección Técnica do Servizo de Control e Xestión de Residuos da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental no Departamento de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Veterinario en exercicio libre da profesión, no ano 1986 e parte do 1987.

Consellería de Agricultura. Veterinario en labores de Campañas de Saneamento Gandeiro nos anos (1987). Veterinario Coordinador das Campañas de Saneamento Gandeiro na provincia de Ourense, (1988)

Consellería de Sanidade. Veterinario - inspector de saúde pública substituto na provincia de Lugo (1987)

Consellería de Agricultura. Veterinario adscrito ao Centro de Escolma e Reprodución Animal – CENSYRA, (1989-1991). Xefe de Sección de Sanidade e Producción Animal (1991-1994)

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura: Xefe de Sección de Marisqueo e Acuicultura (1992-1994)

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes: Xefe de Sección de Sanidade Animal (1994)

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura / Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: Xefe do Servizo de Frota e Sector Extractivo (1994). Subdirector Xeral de Pesca e Industrias Pesqueiras (1994-1997). Director Xeral de Estruturas Pesqueiras e

Mercados (1997-2001). Director Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca (2001-2005)

Xefe do Servizo de Planificación (2005-2006)

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Xefe da Sección de Rexistro do Servizo de Control e Xestión de Residuos (2007). Xefe da Sección Técnica do Servizo de Control e Xestión de Residuos (2008-2009). Inspector ambiental acreditado (2008-2009)

Vogal nos Consellos de Administración de distintas empresas públicas.

DIRECTORA XERAL DA DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL

Coro Piñeiro Vázquez

Naceu en San Sebastián (Guipúscoa) o 27 de xuño de 1960. É licenciada en Psicoloxía pola Universidade Complutense de Madrid (1983). Licenciada en Ciencias Políticas e Socioloxía (Especialidade Socioloxía Xeral) pola Universidade Complutense de Madrid (1985). Ten o Diploma de Directivo da Xunta de Galicia (1996)

Funcionaria do Corpo Superior Especial (Socióloga) da Deputación Provincial de Lugo desde 1985, foi xefa de gabinete de Acción Social ata 1990, cando se traslada á Administración Autónoma de Galicia, asimilada ao corpo superior xeral, para ocupar os postos de xefa da Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial en Lugo da anterior Consellería de Traballo e Servizos Sociais ata decembro 2001.

Foi tamén secretaria da Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Asuntos Sociais desde o 1 de xaneiro de 2002 ata o 25 de xaneiro de 2003, data en que pasa á situación administrativa de "servizos especiais" como funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia, polo seu nomeamento como Delegada Provincial en Lugo da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. Ademais, exerceu de xefa de sección de Promoción da Muller en Lugo (SGI).

DIRECTOR XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Ovidio Rodeiro Tato

Naceu hai 36 anos, é diplomado en Maxisterio, coa especialidade de Educación Infantil, pola Universidade de Santiago de Compostela, conta cun graduado superior en Xerontoloxía e un posgraio en Xerontoloxía Social, ambos pola Universidade de

Santiago de Compostela. Ademais, realizou un máster en Prevención de Riscos Laborais, nas especialidades de Ergonomía, Hixiene Industrial e Seguridade Laboral pola Universidade de Vigo.

Na actualidade é primeiro tenente de alcalde e concelleiro de Urbanismo do concello de Boqueixón.

Entre os anos 2003 e 2007 exerceu como primeiro tenente de alcalde e concelleiro de Coordinación Sociocultural, Maior e Xuventude do concello de Boqueixón. Entre 1999 e 2003 foi concelleiro de cultura, deportes e xuventude da Corporación municipal de Boqueixón.

Ovidio Rodeiro Tato foi presidente da Asociación Cultural e Xuvenil Raíña Lupa de Boqueixón, entidade de ámbito municipal e caracterizada pola organización de intercambios do 'Programa Xuventude' da Comisión Europea, publicación de libros, organización de cursos de formación, actividades sociais, culturais e xuvenís.

Ademais, exerceu como coordinador do xornal mensual Foco Universitario, distribuído na USC con artigos de opinión, valoracións de profesores, enquisas, etc,. Foi coordinador dos Foros Xuvenís de Debate con mozos estudantes de varios concellos da provincia da Coruña, centrados en temas como o galeguismo, o nacionalismo, as políticas de centro, as bases ideolóxicas da dereita, as políticas de esquerda, o liberalismo, etc. Foi colaborador na posta en marcha de varias asociacións culturais e xuvenís na comarca de Santiago.

Foi poñente no Encontro Europeo da Xuventude celebrado en Santiago de Compostela do 12 ao 14 de xullo de 2001.

En diversas convocatorias do Programa Xuventude (iniciativas xuvenís) foi coautor de diversos libros como *Muíños de Auga de Boqueixón*, *Xenerais do Ulla*, *As Carrozas do San Isidro*, e outras publicacións como: *Medioambiente*, *Socioeconomía e Turismo en Boqueixón*, *Xogos e Xoguetes Populares*, *Cantigas e Tradicións no Concello de Boqueixón*.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

SECRETARIO XERAL

Jorge Atán Castro

Naceu en Vigo o 29 de novembro de 1967. Licenciado en Dereito, Universidade de Santiago de Compostela. Diploma do Curso Superior de Relacións Laborais. Consello Galego de Relacións Laborais. Santiago. Diploma de Inspección de Servizos da Xunta de Galicia. EGAP. Diploma de Directivo da Xunta de Galicia. EGAP. Curso de linguaxe administrativa galega. EGAP.

Funcionario do Corpo Superior da Administración Xeral (Grupo A) da Xunta de Galicia dende o ano 1993:

Do 3/02/2003 ata a actualidade: Secretario do Fogga (N-30) Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) Consellería do Medio Rural- Xunta de Galicia

Do 1/03/2002 ata o 2/02/2003: Subdirector xeral de Explotacións Agrarias, Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural-Xunta de Galicia

Do 29/11/1996 ao 28/02/2002: Xefe do servizo de Xestión Administrativa, Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA) Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural- Xunta de Galicia

Do 01/07/1994 ao 29/11/1996: Xefe da sección xurídica, Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias, Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria-Xunta de Galicia

Do 20/09/1993 ao 30/06/1994: Xefe de sección de Tramitación Administrativa (N-22) Axencia de Extensión Agraria- Santa Comba Delegación Provincial A Coruña Consellería de Agricultura, Gandería e Montes-Xunta de Galicia

Do 01/03/1993 ao 20/09/1993: Posto Base Grupo A (N-20), Dirección Xeral de Transportes, Consellaría de Ordenación do Territorio e Obras Públicas-Xunta de Galicia

Exercicio libre: Do 1/01/1991 ao 28/02/1993: Exercicio de prácticas de avogacía, Despacho de avogados Rodríguez Latorre, Vigo (Pontevedra)

1993 Secretario do Consello Galego de Transportes

1998-actual Secretario do consello de administración da sociedade pública autonómica Xenética Fontao, S.A

2003-actual Representante do FOGGA nas reunións de coordinación de fondos agrícolas no organismo estatal FEGA.

DIRECTOR XERAL DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA

José Álvarez Robledo

Naceu o 26 de agosto de 1960. Reside na Coruña. Licenciado en Veterinaria pola Universidade Complutense.

1980/1982: Servizos públicos electricidade e gas de New Jersey (USA)

1988: Campañas oficiais de saneamento gandeiro.

1989/1990: Xestión do programa de control do rendemento leiteiro oficial (contrato laboral).

1990/1994: Funcionario interino do servizo de sanidade animal de Lugo (xestión campañas de saneamento oficial da cabana gandeira).

1994/1998: Funcionario do servizo de sanidade e produción animal da Coruña (rexistro de explotacións porcinas e avícolas, núcleos zoolóxicos).

1999/2003: Xefe do servizo de axudas estruturais (ILGGA), servizos centrais da comunidade autónoma: Xestión das medidas axudas Feoga Orientación (investimentos en explotacións e primeira instalación de agricultores mozos) e do Feoga Garantía (indemnización compensatoria, cesamento anticipado na actividade agraria e medidas agroambientais).

2003/2006: Subdirector xeral de Explotacións Agrarias: Levar a cabo as accións relativas á mellora das estruturas das explotacións agrarias. Aplicación das medidas de acompañamento da Política Agrícola Común nos campos agrícola e gandeiro. Coordinación e xestión de medidas do Feoga Orientación e Garantía. Coordinador dos Servizos de Axudas Estruturais, Medidas Complementarias e Sanidade e Produción Agrícola.

2007: Subdirector de servizos comúns da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Xestión dos programas e actuacións en materia de prevención de riscos laborais, xestión do parque móbil

DIRECTOR XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Antonio Crespo Iglesias

Naceu o 27 de marzo de 1961 en Lalín, Pontevedra. Casado. Dúas fillas. Doutor en Veterinaria. Funcionario do Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia. Diplomado en Sanidade pola Escuela Nacional de Sanidad e Diploma de Directivo da Xunta de Galicia pola EGAP

Veterinario clínico de 1984 a 1994

Xefe de área dos servizos veterinarios oficiais de agricultura de Deza e Tabeirós-Montes 1994

Xefe do servizo de sanidade e produción animal da Consellería de Agricultura Gandería e Montes 1997

Director xeral de produción agropecuaria da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria 1997-2001

Director do Instituto lácteo Gandeiro Galego 1997-2001

Presidente do consello de administración de "Xenética Fontao, S.A." 1999 - 2001

Xefe do servizo de gandería de Pontevedra 2001 - 2003

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) 2003-2005

Inspector veterinario oficial Deza - Vila de Cruces 2005-2009

DIRECTOR XERAL DE MONTES

Tomás Fernández-Couto Juanas

É enxeñeiro superior de Montes pola E.T.S.I. de Montes de Madrid (Año 1984) e funcionario de carreira do Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia, especialidade de enxeñeiros de Montes.

Desde o 1 de xaneiro de 1985 e ata abril de 1990, desempeñou funcións de técnico, en varios postos, nos servizos provinciais de Medio Ambiente Natural das provincias de Pontevedra e Lugo, en funcións de desenvolvemento de proxectos de conservación da natureza, xestión de piscifactorías, centros de recuperación de fauna, granxas cinexéticas, e xestión da caza e a pesca nas provincias de Lugo e Pontevedra.

Entre setembro de 1987 e xullo de 1990, desempeñou o posto de director técnico da Reserva Nacional de Caza dos Ancares, en Lugo. De maio de 1990 ata novembro de 1992, foi xefe provincial de Defensa contra Incendios Forestais de Lugo.

Así mesmo, desde decembro de 1992 ata finais de 1993, desempeñou funcións de Xefe de Servizo nos servizos centrais da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, en Santiago. Posteriormente, foi designado supervisor de Proxectos da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural; desempeñou o posto de subdirector xeral de Medio Ambiente Natural (1994-1996); e foi membro da comisión de traballo da Comisión Galega de Medio Ambiente e membro do Consello Galego de Medio Ambiente Natural.

En xullo de 1996 foi nomeado director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, cargo en que permanece ata outubro de 2005. Neste período a Dirección Xeral estivo adscrita a tres diferentes Consellerías, e Tomás Fernández-Couto formou parte do equipo de catro conselleiros. Cando esta Dirección Xeral se escindiu en dúas, a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Fernández-Couto foi director xeral da primeira.

Neste período, encargouse da planificación, organización e execución das campañas anuais de prevención e extinción de incendios en Galicia. Así mesmo, desenvolveu políticas de xestión forestal, incluíndo a certificación forestal sustentable de máis de 120.000 ha de xestión pública, a forestación de máis de 150.000 ha, ou a creación e mellora de máis de 10.000 ha de bosque autóctono.

Tamén dirixiu a elaboración da proposta galega de Rede Natura 2000, do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Nacional das Illas Atlánticas, do Regulamento da Escala de Axentes Forestais, e o deseño e posta en marcha da nova organización territorial, coa creación de 19 distritos forestais.

Na actualidade desempeñaba o posto de Xefe de Sección de Modernización e Renovación da Frota, na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

CONSELLERÍA DO MAR

SECRETARIO XERAL

Francisco José Vidal-Pardo y Pardo

Naceu no ano 1973. Licenciado en Dereito por Comillas. Máster en administración financeira e tributaria.

Ano 1996. Avogado con despacho en Lugo

Ano 2004. Funcionario do corpo de letrados da Xunta

Ano 2005. Letrado do gabinete xurídico territorial da Xunta na Coruña

Ano 2006. Letrado do gabinete xurídico territorial da Xunta en Ourense

Ano 2007. Letrado no Servizo Galego de Saúde

Ano 2007. Asesor xurídico do Xurado de Expropiación de Galicia e coordinador dos recursos contencioso-administrativos da Xunta na sección 3 do TSX de Galicia

DIRECTOR XERAL DE COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN

Juan Carlos Maneiro Cadillo

Naceu no ano 1958. É licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago. Grao de Licenciatura en Bioloxía.

Ano 1984. Bolseiro do Plan Nacional de Formación de persoal investigador da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago

Ano 1984. Profesor de clases prácticas de Cordados e Zooloxía Xeral

Ano 1988. Xefe de programación ASTC DATA, S.A.

Ano 1992. Responsable Departamento Condicións Oceanográficas e Fitoplancto do Centro de Control do Medio Mariño da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Ano 1997. Director Técnico Centro de Control do Medio Mariño da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Ano 2001. Gabinete Conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Ano 2001. Director Xeral Centro de Control do Medio Mariño da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Ano 2005. Director Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Ano 2006. Asociación Valenciana de Empresas Piscícolas. Responsable programa i-Creo da Generalitat

Ano 2007. Director xerente do Cocedero Barrañamar S.L de Cous-Aguiño

Ano 2008. Subdirector da Asociación Española de Cidades da Pesca

DIRECTOR XERAL DE ORDENACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS

Pablo Ramón Fernández Asensio

Naceu no ano 1957. Ten o título de capitán da Mariña Mercante pola Universidade de Barcelona.

Ano 1981. Embarcado

Ano 1989. Funcionario na Xunta como patrón de embarcacións

Ano 1996. Funcionario do corpo de funcionarios da Xunta

Ano 1997. Xefe de base

Ano 1997. Delegado da Consellería de Pesca de Lugo

Ano 2006. Gardacosta de Galicia

DIRECTORA XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Susana Rodríguez Carballo

Naceu no ano 1965. Licenciada en Ciencias Biolóxicas e Máster en Economía pesqueira. Funcionario de axentes de extensión pesqueira.

Ano 1998. Xefatura de servizo de marisqueo na Dirección de Recursos Mariños.

Ano 2004. Sección de desenvolvemento pesqueiro

Ano 2006. Xefatura de servizo de xestión administrativa na Dirección Xeral de Recursos Mariños

Ano 2007. Axente de extensión pesqueira

PRESIDENTE DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

José Manuel Álvarez-Campana Gallo

Doutor en Ciencias Económicas pola Universidade da Coruña, posgrao en Xestión Ambiental e Desenvolvemento Sustentable pola Universidade de Valencia, posgrao en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid, e licenciado en Ciencias Xeolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid.

É profesor asociado de medio ambiente na Universidade da Coruña, e ata agora director da cámara de empresas do sector extractivo de Galicia. Foi conselleiro, director e delegado en empresas de enxeñaría e consultoría, especialmente no campo dos recursos naturais, do ambiente e desenvolvemento sostible.

Foi concelleiro do Concello da Coruña, delegado provincial na Coruña da Consellería de Medio Ambiente, e director xeral de calidade e avaliación ambiental da Consellería de Medio Ambiente ata 2005.

É secretario provincial de organización do Partido Popular da Coruña e presidente da comisión de medio ambiente e desenvolvemento sustentable do Partido Popular de Galicia.

DIRECTORA DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO

María Covadonga Salgado Blanco

Naceu no ano 1965. Está casada e ten tres fillos. É licenciada en Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago de Compostela e doutora en Ciencias Químicas. Licenciada en Farmacia. Certificado de Aptitude Pedagóxica e Diploma de Directivo da Escola Galega de Administración Pública. Técnico en Prevención de Riscos Laborais de nivel Superior.

Ano 1994. Profesora Técnico de Formación Profesional (funcionario substituto) IFP "Roberto Vidal de la Torre". Ferrol

Ano 1994. Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. Laboratorio de biotoxinas. Vilagarcía de Arousa

Ano 1995. Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Centro de Control da Calidade do Medio Mariño. Vilaxoán

Ano 1997. Técnico Analítico de Biotoxinas. Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Centro de Control da Calidade do Medio Mariño. Vilaxoán

Ano 1999. Subdirectora Técnica CCCMM. Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Centro de Control da Calidade do Medio Mariño. Vilaxoán

Ano 2003. Funcionaria do Corpo Facultativo Superior, Escala Químicos

Ano 2003. Subdirectora xeral de Cooperación Pesqueira Internacional

Ano 2003. Subdirectora xeral do Centro de Control do Medio Mariño

Ano 2005. Responsable Técnico de Análise de Bebidas. Consellería do Medio Rural. Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia. Guísamo

Ano 2006. Auditora Técnica

Ano 2008. Xefe de sección de hixiene analítica da Consellería de Traballo